


## SELECTIVIDADE XUÑO 2012 PESCA



### Poboación ocupada na pesca en España



### 2. Atendendo ao documento conteste (puntuación máxima 4 puntos):

a) Enumere catro provincias das rexións levantina e surmediterránea segundo a fig. 1 (1 punto): Alicante, Murcia, Almería, Granada, Málaga.

b) Comente os documentos:

Identifique os tipos de documentos e sinale 4 dos principais caladoiros fóra das costas peninsulares nos que pesque a flota pesqueira española (1 punto).

)FIG.1 Mapa corocromático-temático de España coa trama das provincias e Comunidades Autónomas no que se reflicten as principais rexións e caladoiros nacionais.

FIG.2E un gráfico lineal que no eixo horizontal expresa o tempo (1965-2005) e no vertical miles de persoas referida á poboación ocupada na pesca en España.

## CALADOIROS FORA DAS COSTAS PENINSULARES

Noruega e Svalbard, Groenlandia, Gran Sol e Atlántico Norte, Terranova, Marrocos, Mauritania e Senegal, Cabo Verde, Guinea-Bissau, Costa de Marfil e Guinea Ecuatorial, Atlántico interior, Angola e Namibia, Costa do Sur de Chile, Illas Malvinas, Illas Seychelles, Illas Comores e Madagascar.

### **Analice e comente a evolución da poboación ocupada na pesca en España (1 punto).**

Sinalar o claro descenso da poboación ocupada e da súa contribución ao PIB dende o ano 1975, o que levou a un envellecemento e falta de formación neste sector. Aínda así na actualidade amosa un tamaño excesivo en relación coas posibilidades de pesca.

Crecemento ata mediados dos anos 70 debido a:

- aumento da demanda
- mellora do nivel adquisitivo
- baixo prezo do combustible
- libre acceso a caladoiros
- facilidades económicas / modernización

Descenso dende mediados dos anos 70 debido a varias dificultades:

- encarecemento do petróleo **Figura 1**

- baixo prezo do combustible

- libre acceso a caladoiros

- facilidades económicas / modernización

- implantación de zonas económicas exclusivas (aparición de conflitos).

- esgotamento dos caladoiros

- recomendacións europeas de redución de frotas o que levou a:

o prexubilacións

o reconversión a actividades diferentes

o traspaso de barcos a terceiros países ou creación de sociedades mixtas

Axudas europeas (esixencias de calidade) para renovación e modernización da frota ata 2004.

### **Explique as principais características en canto á ocupación e recursos da rexión pesqueira do Noroeste (1 punto).**

Inclúese todas as costas galegas. É a rexión máis importante, tanto por volume de pesca como polo seu valor. Ten unha importante tradición pesqueira e elevado consumo. Son tamén importantes as actividades derivadas: estaleiros de buques, industria conserveira, empresas distribuidoras...

A evolución en canto á ocupación da poboación activa é semellante a do resto de España, aínda que segue a ocupar un lugar relevante na economía galega. A redución da poboación ocupada xenera diversos problemas:

- Problemas sociais nas zonas afectadas. Impulso doutros sectores como o acuícola.

Axudas a pesca artesanal en zonas de tradición pesqueira ou intentos de reconversión profesional. Importancia do marisqueo e forte desenvolvemento da acuicultura.

- Sobreexplotación dos recursos polo exceso de capturas e polo uso de artes de pesca indiscriminadas levou, dacordo coa Política Pesqueira Comunitaria (PPC), ao establecemento de cotas de pesca, paros biolóxicos, etc.

- Contaminación, especialmente por vertidos de combustibles. Necesidade de rexenerar e diversificar actividades.



